

<b>PROXECTO</b>	Simposio de técnicos de asesoramento á xestión dos recursos marisqueiros. SiTeM
<b>SOCIOS</b>	Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) Federación Galega de Confrarías de Pescadores

## PARTICIPANTES NO PROXECTO, ENTIDADES

CIMA:

- Parada Encisa, José Manuel
- No Couto, Edgar
- Abella Rey, Francisco Emilio

## ANTECEDENTES

En 1978 a publicación Cadernos Marisqueiros recollía traballos científicos da área de coñecemento da xestión dos recursos marisqueiros e da pesca de baixura. Esta revista cesou a súa publicación en 1987. Dende esa mesma década o Congreso Nacional de Acuicultura e o Simposium Ibérico do Bentos Mariños dan cabida puntual a comunicacións do ámbito do marisqueo. En 1998 nace o Foro dos Recursos Mariños e da Acuicultura das Rías Galegas e xa na década de 2000 a Revista Galega dos Recursos Mariños (hoxe descontinuada) tanto nun como noutra tamén hai certa presenza de traballos relacionados co marisqueo. Agás os Cadernos Marisqueiros, ningunha das outras publicacións ou simposios e congresos teñen unha vocación específica cara ao marisqueo. Por outra parte todos eles están dirixidos ao sector das persoas investigadoras. Unicamente o Congreso Galego de Marisqueo, do que se celebraron dúas edicións en 1991 e 1994 estaba dirixido especificamente á reunión e presentación de experiencias do persoal técnico do sector. A segunda edición deste congreso é previa ao comezo da actividade do persoal técnico nas entidades asociativas do sector. Deste xeito, na actualidade unicamente o Simposio Ibérico de Bentos, o Congreso Nacional de Acuicultura, e o Foro dos Recursos Mariños e da Acuicultura teñen cabida non específica para traballos de relacionados cos recursos marisqueiros. Pero, en todo caso, ningún deles está especificamente dirixido a servir de punto de encontro específico dos persoal técnico das entidades asociativas do sector e da Consellería do Mar e a recoller traballos que inda sendo de interese local, non resultar novidosos como traballo de investigación pero si interesantes dende o punto de vista técnico ou aplicado, ou non sendo actuais poidan ser de interese dende o punto de vista técnico.

## OBXECTIVOS DO PROXECTO

1. Crear un lugar de encontro técnico do persoal das entidades asociativas e da administración pesqueira encargado do asesoramento á xestión dos recursos marisqueiros.
2. Compartir experiencias técnicas no asesoramento á xestión dos recursos marisqueiros.
3. Visibilizar o traballo das persoas que se encargan dos aspectos técnicos do marisqueo.
4. Dar a coñecer os resultados dos traballos relacionados cos bancos marisqueiros, as súas especies e as súas variables ambientais.

## ACTIVIDADES E TAREFAS REALIZADAS, METODOLOXÍA, FASES DO PROXECTO

O Simposio celebrouse en Santiago de Compostela o día 22 de xuño de 2023 nunha xornada de mañá e tarde. Foi dirixido a técnicos de entidades asociativas do sector marisqueiro de Galicia, persoal do Centro de Investigacións Mariñas e técnicos da Consellería do Mar relacionados co asesoramento á xestión dos recursos marisqueiros.

Os temas de interese foron:

- Avaliación de stock.
- Dinámica de poboacións.
- Rexeneración de bancos marisqueiros.
- Bioloxía e autoecoloxía das especies explotadas.
- Métodos e ferramentas.
- Cartografía de bancos marisqueiros.
- Seguimentos de variables ambientais.
- Perspectiva temporal.
- Descritores da Directiva Marco sobre a Estratexia Mariña.

A inscrición foi gratuíta e se presentaron traballos en formato póster e comunicacións orais. Os traballos foron recollidos nas actas do simposio que actualmente están en proceso de edición para a súa publicación en formato electrónico. Debido ao interese de traballos que poidan achegar unha perspectiva temporal dos recursos e bancos marisqueiros, nas comunicacións teñen cabida tanto os traballos baseados en datos recentes como antigos.

Os traballos de secretariado, edición, catering e organización do congreso serán contratados a unha empresa externa. Os traballos de revisión técnica das comunicacións previa á súa publicación nas actas serán realizados polo comité científico.

## RESULTADOS

- 85 persoas participantes
- 2 ponencias convidadas:
  - Juan Blanco Pérez. CIMA. Poboacións de fitoplancto tóxico e acumulación de toxinas en bivalvos.
  - Pedro Montero Vilar. INTECMAR. Mellorando o coñecemento das condicións hidrográficas nas zonas dedicadas ao cultivo de especies marisqueiras.
- 6 ponencias orais:
  - Simón Gómez, A. Lonxa de Campelo. Control de tallas das capturas: Medicións en lonxa fronte ó seguimento das proporcións de categorías comerciais.
  - Alfaya Massó, J.; Barreiros Ríos, B.; Mosquera, S.; Pérez Corbacho, E.; Riobó Sanluis, M.; Santiago Amoedo, J.A. e Traveso Lago, A. (Confrarías de Vigo, Cangas, Redondela, Arcade, Vilaboa e Baiona, e Asociación de Mariscadores a Flote de Vigo). Avaliación do estado da poboación e seguimento da extracción de cornicha, *Spisula solida*, na Enseada de Baiona.
  - No-Couto, E.; Cuñías, P.; Fernández, D.; Suárez, J.M.; Lago, J.R. e Senande, M. (CIMA, Xefatura Territorial Coruña (Cons. Mar), Confrarías de Fisterra, Corcubión e Lira-Carnota). Achegamento ao uso de AIS (Automatic Identification System) como ferramenta de apoio na xestión das explotacións marisqueiras. Exemplo no plan de xestión conxunto de ourizo de mar (*Paracentrotus lividus*) mediante mergullo da zona V.
  - Suárez Santos, J.M. Confraría de Fisterra. Metodoloxías e procedementos de

- xestión dos bancos submareais de solénidos na zona V.
- Seoane Sánchez, P. Confraría da Coruña. Rexeneración ambiental dos bancos de ourizo de mar *Paracentrotus lividus* (Lamarck, 1816), na zona de explotación VII, mediante a sementeira de xuvenís procedentes de criadeiro.
  - Monteagudo, A.B.; Parada, J.M. e Rodríguez, I. (SEAGA e CIMA). Mellora da calidade do sedimento en zonas infralitorais mediante o emprego dun aparello de remoción hidráulica.
  - 19 ponencias en paneis
    - Traveso Lago, A. Asociación de Marisqueo a Flote da Ría de Vigo. Mostraxes de seguimento da actividade extractiva na ría de Vigo e recompilación de datos. Relación Tamaño- Peso de *Dosinia exoleta*.
    - Vázquez Portela, E. Confraría de pescadores de do Porto de Marín. Estado da navalla (*Ensis magnus* Schumacher, 1817) nos bancos marisqueiros do ámbito do Plan de Xestión Conxunto da Ría de Pontevedra segundo a distribución de tallas.
    - Alfaya Massó, J. Confraría de pescadores de Vigo. Avaliación do estado da poboación de navalla, *Ensis magnus*, nos bancos de Punta Rande VI-242 e Calera VI-240, na Ría de Vigo.
    - Cuñías, P.; No-Couto, E.; Fernández, D.; Suárez, J.M.,; Lago, J. e Senande, M. (CIMA, Xefatura Territorial Coruña da Cons. Mar, Confrarías de Fisterra, Corcubión e Lira-Carnota). Explotación de datos AIS (Automatic Identification System) en combinación con rexistros de capturas para xerar información de interese na xestión dos recursos marisqueiros. Exemplo no plan de xestión conxunto de ourizo de mar (*Paracentrotus lividus*) mediante mergullo da zona V.
    - Suárez Santos, J.M.; Seoane Sánchez, P.; Lago Grille, J.; Asorey Torres, B.; Ínsua Díaz, M.; Vidal Álvarez, C.M.; Fandiño Silva, S.; Fernández Márquez, D.; Moscoso Varela, S.; Yermo García, B e Garrido Novo, C. (Confrarías de Fisterra, A Coruña, Corcubión, Laxe, Camariñas, Corme, Muxía, Malpica e Xefaruta Territorial de Coruña da Cons. Mar). Metodoloxía de mostraxe e proposta de indicadores de referencia para o seguimento dos plans de xestión de recursos específicos a mergullo de solénidos e ourizo.
    - Mariño Balsa, J.C. e Fernández Barreiro, J. (Confraría de Cambados). Metodoloxía de avaliación de stocks de navalla (*Ensis Magnus*) no banco marisqueiro de as means.
    - Parada, J.M.; Monteagudo, A.; Méndez Pérez, B.; Fernández Besada M.; Fernández Pérez, A. e Rodríguez I. (CIMA e SEAGA). Emprego de vídeo remolcado para a avaliación de stock de fauna epibionte en substratos brandos.
    - Parada, J.M.; No-Couto, E. e Santiago, J.A. (CIMA e Confraría de Baiona). Proposta de metodoloxía para o estudo da diversidade en substratos duros intermareais afectados pola explotación dos recursos marisqueiros. Estudo preliminar.
    - Pérez Corbacho. Confraría de Arcade. Resultados dos arados realizados no banco marisqueiro intermareal río do medio VI-186 (Arcade).
    - Varela Baños, P. e Parada J.M. (CIMA). Análise da dinámica de crecemento do berberecho no banco marisqueiro de Lombos do Ulla
    - Riobó Sanluis, M.I. Confraría de Vilaboa. Poboacións de bivalvos no intermareal de Vilaboa. Serie histórica.
    - Alcalde Creo, A. Confraría de Vilaxoán. Series históricas (1996-2022) da evolución do índice de abundancia da ameixa fina, ameixa xaponesa e berberecho nos bancos marisqueiros de Corón e Esteiro do Rial en Vilaxoan (Ría de Arousa).
    - Santiago Amoedo, J.A. e Outeiral Radío, R. (Confrarías de Baiona e A Guarda). Seguimento do estado reprodutor (ER) e do índice de recrutamento (IR) do percebe (*Pollicipes pollicipes*) nos ámbitos de Baiona e A Guarda.
    - Santiago Amoedo, J.A., et al. Confrarías de Baiona e A Guarda. Seguimento do estado reprodutor (ER) e do índice de recrutamento (IR) do percebe (*Pollicipes*

*pollicipes*) nos ámbitos de Baiona e A Guarda.

- Chousa Méndez, B.; Lado Lorenzo, L. e Malvar Álvarez, M. (Confrarías de Porto do Son e Xefatura Comarcal de Ribeira da Cons. Mar). Estudio da evolución do estado reprodutor do percebe (*Pollicipes pollicipes*) no plan de xestión do percebe de Porto do Son Outubro 2020-marzo 2023.
- Abella, E. e Parada, J.M. (CIMA). Caracterización dos bancos marisqueiros intermareais de Vilanova de Arousa a partir das especies acompañantes sen interese comercial.
- Fernández Pérez, A.; Parada, J.M.; Méndez Pérez, B.; Fernández Besada, M. e Varela Baños, P. (CIMA). Efecto da presenza de biofilm e algas filamentosas sobre o comportamento trófico de *Tritia neritea* como especie preeira.
- Cano Guervós, A. Boas practicas en rastrexabilidade de produtos da pesca e a acuicultura: aplicacion de tecnoloxías da información e a comunicación.
- Pérez Corbacho, E. Unha oportunidade perdida: a batea experimental de preengorde de ameixa da Confraría de Moaña.

## CONCLUSIÓNS

Os datos recollidos nas enquisas de satisfacción permiten destacar:

- O 100% das persoas que participaron na enquisa consideran que o simposio ten que ter continuidade.
- As valoracións de diferentes cuestións relacionadas coa organización do simposio reflicten as seguintes porcentaxes:
  - Información previa, superan o 85% as valoracións boa e moi boa, e cunha valoración media superior ao 4,5 sobre 5.
  - Duración axeitada, 80%.
  - Xestión das comunicacións: extensión, revisión e elaboración de pósters cunha media de 4 sobre 5 e unha porcentaxe do 70% de valoración boa e moi boa.
  - Conferencias convidadas: Interese e mellora de comprensión do tema. Unha media do 70% de acordo e moi de acordo, e un 4 sobre 5 de valoración.
  - O interese das exposicións orais cun 95% de interesante e moi interesante, e unha valoración media de 4,5 sobre 5.
  - Comunicacións en formato póster: tempo de consulta, sistema de preguntas e respostas, cunha valoración dun 67% como boa e moi boa, e unha valoración de 4 sobre 5.
- O simposio foi percibido como unha oportunidade para dar visibilidade ao traballo do persoal técnico das confrarías e compartir os datos de diferentes estudos que poden ser de interese e utilidade para todas as persoas que traballan neste ámbito.